



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDNARIA E URXENTE DO 04 DE ABRIL DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00021574G.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00012192Y.

Aprobación do expediente de contratación da Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do Concello

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación da *Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do Concello de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 337.312,50 € (base impoñible de 278.770,66 € máis IVE do 21% de 58.541,84 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 337.312,50 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 020 16500 2270600. O gasto desagregarase anualmente de acordo co seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2023	177.089,02 €
2024	160.223,48 €
TOTAL	337.312,50 €

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.